

Os topónimos no cancionero galego

Domingo Blanco

De las solas coplas que inventan y cantan las mozas se podrá formar un grueso volumen de Cancionero y muchos tomos de Geografía, Genealogía e Historia natural sin salir del reino de Galicia. (*Elementos etimológicos según el método de Euclides*. Frei Martín Sarmiento, 1758)

A XEITO DE INTRODUCCIÓN: AS CANTIGAS E A VISIÓN DO TERRITORIO

O espazo, xunto co tempo, é unha das coordenadas básicas que permite aos individuos e ás comunidades humanas, grandes ou pequenas, situarse no seu medio natural (a xeografía, a paisaxe) e cultural (os espazos construídos polo home), no seu hábitat, poboado por seres vivos reais (sobre todo humanos pero tamén animais e plantas) sen esquecer tampouco os seres inmateriais de carácter sagrado, que transcenden a condición de simples obxectos materiais das imaxes que os representan, cobran vida simbólica na visión do mundo dos humanos e inflúen de maneira efectiva no seu comportamento e na súa xerarquía de valores.

Os lugares son os espazos concretos en que transcorre a vida das persoas. Para delimalos pónselles un nome que os acoute, os identifique e os diferencie dos outros, como sucede coas persoas, cos santos e mesmo con certos animais. Os cancioneros de Galicia, escusado é dicilo, son moi ricos en topónimos que, case sempre, van asociados, de maneira directa ou indirecta, aos variados aspectos da vida dos que os enuncian, e os seus contidos (e a atmosfera que os envolve) son sempre concretos, abarcables, comprensibles para os que escoitan e cantan, por mais que os seus coñecementos do mundo en xeral non cheguen moito máis aló. Os lugares son, por iso, puntos de referencia elementais, referentes claros na visión xeográfica da súa contorna, no mapa mental de cada persoa, que axudan a comprender (e mesmo construír) unha realidade na cal á forza teñen que situarse os que cantan e os que escoitan as cantigas e que non se entendería sen

eses espazos concretos e comprensibles. Uns teñen nome propio, como son os de poboacións (lugares como *Puga*, aldeas como *Lamiño*, vilas como *Cangas*, rúas como a *da Fanequeira*, cidades como *Cais*, comarcas como *A Ulla*, rexións como *Castilla* e países como *Portugal*) ou os de certos espazos singulares (*A carballeira de San Xusto*, *Pontenafonso*, *A Marola*); e outros nome xenérico pero inequívoco (*A Mariña*, *A Ribeira*, *A Montaña*), que responde a un espazo menos concreto e máis amplo pero ben identificado e diferenciado polos oíntes.

Os lugares nomeados e así acoutados adoitan ser escenarios de vida, chegando ao punto, en certas ocasións, de seren tratados como persoas ou, polo menos, como seres vivos, e ser gabados, denigrados, desexados, interpelados e botados de menos como se fosen seres próximos, parte viva do mundo dos cantadores e oíntes. Neste sentido, os nosos cancioneiros veñen sendo unha mostra impagable das moi numerosas e variadas vivencias dos distintos tipos humanos da sociedade rural galega dos tres últimos séculos, dende as mágoas máis íntimas e sentidas ata o bo humor dunha festa colectiva, sen excluír nesa interactividade os seus seres simbólicos, nomeadamente santos e virxes.

Se a variedade temática das cantigas é tan ampla coma as vivencias dos individuos que compoñen esta sociedade,¹ a presenza dun topónimo nunha cantiga engade un punto máis de complexidade: conecta o seu contido verbal a unha realidade espacial concreta, empréstalle un marco xeográfico e referencial, un escenario, que vai condicionar (pouco ou moito) a súa configuración final. Xa que logo, a complexidade do cancionero galego (como, en xeral, a de todos os do espazo indoeuropeo) vén dada, ademais de pola devandita diversidade dos temas tratados, tamén por outros factores como o punto de vista do cantador (visión realista ou ficticia), a súa actitude (humor, agresividade, gabanza, burla etc.), a súa intención (xogo, achegamento, censura, petición, aviso etc.), sen esquecer a feitura métrica e a melodía de cada canto; e, de maneira especial, o contexto en que se canta, o ambiente (festa pública ou privada, desafío ou rivalidade, traballo ou devoción, espazo propio ou alleo etc.).

Inflúen tamén (e moito) a diversidade persoal e social do público que participa no canto, o seu xeito e as súas expectativas; pero sendo a mocidade o grupo biosocial que máis gustaba deste xénero e máis participaba nel de maneira activa e pasiva, a temática dominante (pero non única) é, en gran medida, unha sucesión (case diríamos un catálogo) desas vivencias propias dos mozos e

1 Unha mostra abreviada desta variedade pode verse en Blanco (1998, pp. 150-152).

mozas dunha Galiza esencialmente rural, se ben, na práctica, queda canalizada en apenas unha dúcia de liñas de contidos constantes. E así vemos transformadas en voz máis ou menos melodiosa, en conxuntos de frases escollidas, medidas e acomparadas, vertidas en cantigas e conservadas na memoria, toda unha xeira de actividades, sentimentos, conversas, traballos, ocorrencias, diversións, declaracións, penas, burlas, desafíos, amores e moitas máis expresións das maneiras e hábitos da súa vida. Moitas delas refírense ou teñen como escenario aldeas, vilas, comarcas, paraxes e cidades designadas cun nome concreto, un topónimo. Teñen unha presenza relativamente alta e constante no conxunto dos cancioneros de Galicia e hoxe son o obxectivo deste traballo.²

1. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE A ESTRUTURA SINTÁCTICA E SEMÁNTICA DAS CANTIGAS “TOPONÍMICAS”

A importancia que un topónimo ten nunha cantiga depende en gran medida da súa función sintáctica na frase. As máis frecuentes son a de complemento do nome, complemento circunstancial do verbo e suxeito ou obxecto da acción verbal (por esta orde). Na maioría das cantigas que inclúen un topónimo no seu texto, o lugar mencionado non constitúe un elemento nuclear do seu enunciado, senón unha circunstancia do contido principal ou unha referencia necesaria, unha anécdota ou mesmo un pretexto para a construción da peza. Na súa estrutura sintáctica, o topónimo vén sendo un complemento dun substantivo ou dun verbo, é dicir, un elemento secundario que adoita expresar unha circunstancia, unha precisión ou referencia que axudan a completar o significado da peza. Na meirande parte dos casos a fórmula construtiva SUBSTANTIVO (OU FRASE NOMINAL) + DE + TOPÓNIMO é a predominante; os topónimos teñen aí a función de poñer en relación o nome dun lugar (que funciona no texto da cantiga como un adxectivo, como elemento identificador ou caracterizador) cun elemento principal do contido (persoa, grupo, ser simbólico, acontecemento,

2 Os textos das cantigas citadas supoñen máis da metade do contido deste traballo e as súas fontes primarias escritas presentan, ademais, unha gran diversidade na súa orixe. Para simplificar o proceso de consulta da bibliografía final, todos os textos documentados antes da publicación do *Cancionero Popular Gallego* de J. Pérez Ballesteros (1885) [abreviado en PB] remítense á miña recompilación *A poesía popular en Galicia 1745-1885*, (1992) [abreviado en PPG] onde se consigna cada texto (coas súas variantes), o nome do compilador, a data e a obra onde foi publicado por primeira vez. Polo tanto, todos os textos de cantigas recollidos nas coleccións de Tobío, Saco, Valladares e Casal, ademais dos doutras recompilacións máis reducidas ou dispersas, pódense consultar nela como un conxunto unificado.

espazo de diversión ou devoción, escenario natural, monumento etc.), que adoita ser, como dixemos, un substantivo ou frase nominal, de maneira que este queda así identificado en relación a un lugar de xeito firme ou pasaxeiro. Por exemplo, nesta cantiga:

Bota leña nese lume,
bota leña nese lar,
bota leña, Borrallento,
Borrallento de Saiar.
(Casal; PPG, 1, 798)

O feito de botar leña (contido principal) non sucede necesariamente nese lugar: o topónimo *Saiar* ten aquí unha función semellante a un xentilicio: ese *Borrallento* non é calquera ao que se alcume así; este é dese lugar, está identificado a través do topónimo como se fose un apelido.

Os exemplos máis frecuentes desta función adxectiva dun topónimo están nas numerosas cantigas construídas co esquema SANTO (ou VIRXE) + DE + TOPÓNIMO, nas que, nun principio, o santo é o elemento principal da frase e o lugar é o complemento que indica onde está a imaxe do santo e a que lugar pertence (*Santo san Breixo de Barro*, *Miña Virxe d'Agua santas*) ou a advocación dunha parroquia (*Santa Marta de Ortigueira*). Ás veces, os trazos atribuídos ao santo dun lugar empréganse para diferencialo do santo doutro lugar; así na coñecida cantiga:

Si vas ao San Benitiño,
non vaias ao de Paredes,
que é moito máis milagreiro
San Benitiño de Leres.

Aínda que para a Igrexa católica san Bieito foi unha única persoa, para o público das cantigas non é así, e os topónimos *Paredes* e *Leres* identifican e diferencian os dous san *Benito*, ademais de polos feitos milagrosos que lles atribúen, pola adscripción aos respectivos lugares de culto. Cómpre ter en conta que, na cantiga, *San Benitiño* funciona como un topónimo que responde ao significado de 'lugar de culto onde está a capela e a imaxe material dun ser protector e achegado chamado san Benito' e non tanto ao do santo canónico da Igrexa, é dicir, designa un lugar (sagrado) que pertence a outro de máis entidade

(a parroquia de Paredes ou a de Lérez). Desprazamentos semánticos deste xeito (de haxiónimo a topónimo) son correntes no noso cancionero (*Veño da Virxen da Barca* etc.)

Como é ben sabido, con moitísima frecuencia o nome dun santo venerado nun lugar convértese no seu topónimo de referencia desprazando o nome primitivo dese lugar. Un exemplo entre moitos outros: en *Santo André de Teixido*, *Santo André* converteuse no nome habitual do lugar onde está o seu santuario, e non *Teixido*, que era o topónimo de referencia antes das peregrinacións e da construción da capela e que quedou como apelido aínda frecuente naquela zona. O complemento da frase nominal pasa a ser o seu núcleo. Repítese este proceso de desprazamento sintáctico e substitución toponímica en centos de nomes de parroquias galegas. O exemplo senlleiro é *Santiago de Compostela*.

E nestoutra cantiga:

Eu heime d'ir ó Xurés
con estas miñas amigas,
hemos de botar un neto
i hemos de comprar sardiñas.

(Saco; PPG, 2, 2460)

de maneira semellante, pero en dirección inversa, un topónimo (aquí *Xurés*) amplía o seu significado orixinal e pasa a designar non só un lugar senón unha festa ou romaría en honor á imaxe dunha virxe na capela dese lugar.

É tamén frecuente a presenza doutros esquemas sintácticos en que o topónimo forma parte dun complemento circunstancial do verbo (situación, dirección, modo etc.) nomeadamente a fórmula VERBO + PREPOSICIÓN (*en, por, a, de, para* etc.) + TOPÓNIMO (*Embarqueime no Ulló / fun desembarcar a Vigo; Pasei por Padrón cantando; Veño de Vigo e vou para Cangas*) onde o topónimo adoita ser o escenario en que se desenvolve a acción verbal.

Doutra banda, o topónimo adoita ser o elemento principal (ou, polo menos, importante) do contido cando ten a función de obxecto do verbo ou de suxeito, o que sucede en moitas das cantigas que compoñen as seccións denominadas “locais” ou “xeográficas” dos principais cancioneros (Casal, Saco, Pérez Ballesteros):

Vexo Vigo, vexo Cangas,
tamén vexo Redondela,
vexo a Ponte de San Paio,
camiño da miña terra.
(López de la Vega; PPG, 1, 310)

A Mariña ten de todo,
a Mariña todo ten;
ten boa froita, bo viño
e boas nenas tamén.
(PB, 1, GEO, 4)

Este protagonismo temático é especialmente perceptible cando hai unha aproximación afectiva entre o cantador e o lugar, por exemplo unha gabanza (ou un vituperio), unha defensa ou unha despedida. Nestes casos, o cantador adoita dirixirse a el como se fose unha persoa, empregando a apóstrofe, o diálogo ou calquera outro procedemento da linguaxe directa; o topónimo cobra así un sentido figurado coa personificación, que potencia o seu carácter substantivo, é dicir, convértese no miolo do enunciado. Entón o topónimo xa non é só unha mera referencia xeográfica, senón un espazo convertido en persoa, en interlocutor:

Adiós ti, Pontenafonso,
non sei quen te acabará,
trinta anos me levache,
flor da miña moxedá.
(De la Iglesia; PPG, 1, 184)

Ou nomea unha realidade —máis valiosa— que se identifica co nome de lugar (metáfora):

Berdusido, Berdusido
con todos teus arredores
non te chames Berdusido,
chámate xardín de froes.
(Cernadas; PPG, 1, 2)

E o uso da metonimia (a parte polo todo) permite tamén que o topónimo designe non só o lugar, senón as persoas que viven nel:

Quédate con Dios, Arzúa,
con ventanas e vidreiras,
que de todos me despido,
menos das mozas solteiras.
(Saco; PPG, 2, 2476)

O emprego de fórmulas fixas para construír estrofas, corrente na poesía de expresión oral, faise evidente tamén nestas cantigas “toponímicas”. Entre as abundantes mostras que iremos vendo nas páxinas seguintes, pódense sistematizar algunhas de presenza máis frecuente:

- a) fórmulas de comparación, do tipo *As mozas de* (un lugar) *son* (boas, bonitas etc.) vs. *as de* (outro lugar) *son* (feas, porcas etc.) ou *Téño unha moza en* (un lugar), *outra en* (outro lugar). *Se* (unha) é bonita, (a outra) *gánalle*. Por exemplo:

As nenas de Bonaval
 traguen prata nas orellas,
 mais as da Caldeiraría
 traguen cagallas d’ovellas.
 (Sobreira; PPG, 1, 38)

- b) fórmulas de enumeración, do tipo *En* (un lugar) *hai* (persoas, froitos, santos etc.), *noutro* (outras cousas), *e noutro* (outras). Ou *Para* (produtos ou persoas + topónimo), *para* (outros + outro topónimo) e *para* (outros máis + outro topónimo).

Na Ortigueira nace o sol,
 en Piñeiro nace a lúa;
 na aldea de Vilar
 non nace cousa ningunha.
 (Casal; PPG, 2, 3250)

Para pan de trigo Caldas,
 para bó viño o Ribeiro,
 para mociñas bonitas,
 as do noso fiadeiro.
 (Casal; PPG, 2, 3739)

- c) fórmulas de movemento, do tipo *Indo para* (un lugar + un suceso) ou *Polo mar / polo río vai...* ou *Pasei por* (lugar) + xerundio, ou *A subila e baixala / a costa de* (lugar)... *perdín* (obxecto etc.):

Pola mar abaixo vai
 un barquiño, zape, zape;
 leva naranxas da China
 dos Señores de Larache.
 (Casal; PPG, 2, 3248)

d) fórmulas de paralelismo, que consisten na repetición do texto dunha cantiga que serve de modelo, modificando só palabras ou frases puntuais, nomeadamente o nome do lugar. Eis un exemplo de dúas cantigas documentadas xa no século XVIII:

Saramago verde
que naceu na serra
a semente dele
veu de Pontevedra.
(Sarmiento; PPG, 1, 17)

Saramago verde,
verde saramago,
a semente del
veo de Santiago.
(Sobreira; PPG, 1, 89)

e estoutro de dous tercetos tradicionais:

Ramunciño, meu Ramón,
¿donde t'hei d'ir esperar?
Ó camiño de Padrón.
(Tobío; PPG, 2, 1711)

Luisiño, meu Luís
¿donde t'hei d'ir esperar?:
ó camiño de Guldrís.
(Tobío; PPG, 2, 1594),

onde as únicas variantes son os topónimos e os antropónimos, mantendo mesmo os diminutivos e os posesivos correspondentes. Outro, que responde tamén á fórmula de movemento e que se revelou moi produtiva ao longo do tempo:

Eu pasei por Villafranca,
por Villafranca cantando;
as nenas de Villafranca
quedaban no río lavando.
(Saco; PPG, 2, 2356)

Eu pasei pola Devesa,
pola Devesa cantando;
as meniñas da Devesa
quedan no río lavando.
(Casal; PPG, 2, 3638)

repítese en numerosas colleitas coa simple variante do nome do lugar (*Vilaboa*, *Camariñas* etc.). Noutros casos, o paralelismo —evidente— presenta variantes algo máis complexas, onde non só cambian os lugares senón os e as protagonistas e a estima en que se teñen:

Os soldados vanse, vanse,
vanse por Cudeiro arriba;
as rapaciñas d'Orense
choran que cortan a vida.
(Murguía; PPG, 1, 322)

Os canteiros vanse, vanse,
malas novas vaian deles;
as garelas de Betanzos
quedan chorando por eles.
(PB, 3, OFI, 1)

Noutros casos, repítese así mesmo o esquema sintáctico e semántico doutra cantiga, introdúcense variantes, pero o topónimo permanece sempre:

Dis'outro lado do río
uín cantar i escoitei,
eran os estudantes
que viñan de Monterrei.

(Fernández Alonso; PPG, 2, 2877)

Arredor do río arriba
sentín cantar e escoitei;
eran os mozos das segas,
que viñan de Monterrei.

(Casal; PPG, 2, 3208)

Unha cantiga pódese construír tamén sobre o modelo doutra, e mesmo mencionala, pero variando substancialmente o contido, como nesta sobre a que volveremos máis adiante:

Dend'aquí ben vexo Vigo,
—no' é Vigo de Redondela—
donde teño a miña dama
que m'estou revendo nela!

(PB, 1, GEO, 12)

En fin, son ben abundantes estas construcións formulaicas, como iremos vendo ao longo desta mostra.

2. O PÚBLICO DAS CANTIGAS E O SEU MAPA MENTAL: O ESPAZO COMO UNHA REDE DE CAMIÑOS

Unha vez fixado e detallado o espazo vital dos que producen e reproducen cantigas como un territorio abarcable (ás veces coñecido fisicamente, ás veces referido por outros, especialmente emigrantes e viaxeiros), resulta posible (ou obrigado) contemplalo e percorrelo, moverse por el como algo natural, como o escenario onde transcorren os feitos do seu vivir. Este mapa mental, onde a percepción da distancia é un compoñente básico, semella unha rede de espazos e lugares enlazados por camiños ou, doutro xeito, unha rede de camiños que levan dun lugar a outro e que permite moverse por ese territorio. Nel, os lugares, nomeados axeitadamente, son os que permiten orientarse nese marco xeográfico que o saber de cada un foi descubrindo, construíndo e compartindo e polo que van e veñen persoas e obxectos, tamén sentimentos, lembranzas, novas, recados e

mercadorías, música ou palabras e, en xeral, as experiencias e desexos propios dos seres humanos.

Esta visión da realidade exterior como un camiño ou un conxunto deles faise moi evidente no cancionero galego, e o uso de certas fórmulas construtivas como as que acabamos de ver veno confirmar. Aquí damos conta só dalgúns exemplos significativos.

Contemplan o camiño é recoñecer o espazo propio, como fai esta copla antiga, unha das máis repetidas nos nosos cancioneros ao longo do tempo e que tivo moitas imitacións:

Vexo Vigo, vexo Cangas,
tamén vexo Redondela,
vexo a Ponte de San Paio,
camiño da miña terra.

(López de la Vega; PPG, 1, 310)

Velaí unha delas:

Vexo o Faro, vexo o Faro
e tamén vexo o Farelo,
tamén vexo Pico Sagro
e ademais o Bodelo.

(PB, 1, GEO, 39)

O camiño ten sinais que o identifican:

Ó pasar a cruz de Ferro,
A Gudiña ben a sei;
agora xa me van dando
airiños de Monterrei.

(Saco; PPG, 2, 2614)

O carballo do Galleiro
heino de mandar cortar;
cando vou pra Redondela
quítame a vista do mar.

(Rodríguez Marín; PPG, 2, 2770)

Pero case sempre as cantigas amosan trazos que caracterizan o camiño e a viaxe e tamén os motivos do camiñante:

Camiño de Santiago,
camiño fuliadeiro:
doume o meu queridiño
de beber polo sombreiro.
(Casal; PPG, 1, 1246)

Veño de Madrid por verte,
caravel de caraveles;
por falta de verte veño,
non por falta de mulleres.
(Machado; PPG, 1, 1447)

A viaxe faise a pé:

Tantarantán
por onde van a Noia,
tantarantán
(van) pola Corredoira
Tantarantán!
(Helfferich e Clermont; PPG, 1, 148)

Desde do alto de Picaño
a Santiago veño eu,
para ver a miña filla,
que no hospicio naceu.
(Casal; PPG, 1, 838)

Teño d'ir a Portugal
a buscar a raíz do toxo
pra lle dar a meu amor,
pra que lle pase o enoxo.
(Saco; PPG, 2, 2280)

Veño andando catro leguas
dend'Arteixo á Vilaboa
solo por ver unha nena
que se chama María Antona.
(PB, 2, D y P, 8)

ou en barco:

Embarqueime no Ulló,
fun desembarcar a Vigo.
Non me sigas as pasadas
que non me caso contigo.
(Casal; PPG, 1, 734)

Pasei o mar de Ferrol,
ferrolana, por te ver;
pasei o mar de Ferrol
a pique de me perder.
(PB, 2, GEO, 29)

Ó pasar o Rego d'Agua
o Rego d'Agua da Cruña,
o pasar o Rego d'Agua
embarqueime na falúa.
(PB, 3, GEO, 43)

Pola mar abaixo vai,
pola mar de Redondela;
pola mar abaixo vai
quen o corazón che leva.
(Casal; PPG, 1, 706)

ou de a cabalo:

Hoxe aquí, mañán en Francia,
esoutro día en Toledo;
ós soldados d'a cabalo
dálle-lo aire no pelo.
(PB, 3, GEO, 46)

ou mesmo en ferrocarril:

Velaí vén a Carrilana
pola ponte de Baión
cargadiña de soldados
pra formar un batallón.
(Casal; PPG, 2, 3112)

Polo camiño móvense decotío persoas, animais, plantas, augas, aires, melodías e toda clase de bens, e as cantigas recollen os lugares de orixe e de saída:

Este cantar tan bonito
veuno traer a Marín
un zapateiro de Noia
na punta do cornetín.
(Casal; PPG, 1, 914)

Os soldados vanse, vanse,
vanse por Cudeiro arriba;
as rapaciñas d'Orense
choran que cortan a vida.
(Murguía; PPG, 1, 322)

Se queres que eu ch'escriba,
mándame papel da Cruña,
mándame tinta e tinteiro,
mándame tamén a pruma.
(Saco; PPG, 2, 1971)

Xa chegaron á Palloza
os mariñeiros de Miño;
logo ha de haber cabezudas
para remollar con viño.
(PB, 3, GEO, 75)

Os seres naturais tamén se moven neste escenario dinámico:

Saramago verde
meu saramaguíño,
a semente del
veu do Carballiño.
(Casal; PPG, 2, 1339)

—Roliña que vas volando,
donde vas facer o niño?
—Nas carballeiras do Avía,
no máis alto carballiño.
(Barros; PPG, 1, 1362)

O Cabe verte no Sil,
o Sil mézclase co Miño
i os tres xuntos por Ourense
siguen o mesmo camiño.
(Casal; PPG, 2, 3272)

Hai lugares distantes, destinos novos de persoas queridas que teñen un atractivo especial e están na orixe de lembranzas e de envíos de obxectos prezados e, case sempre, teñen relación directa coa intensa emigración de galegos a América, Portugal, Castela, Cádiz (*Cais*), Madrid e outros lugares:

Dend'a Habana me mandaron
un cordón con cinco nós;
nacemos un par' o outro
así o permite Dios!
(PB, 2, AM, 17)

De Portugal me mandaron
tres peras nun ramallíño;
agora xa vou sabendo
quen é o que me ten cariño.
(Saco; PPG, 2, 1961)

De Portugal me mandaron
unha camisa ben feita
cun caravel encarnado
na fita da manga dreita.
(PB, 2, TRA, 3)

Pendientes com'eses teus
tamén eu os hei de ter;
alá por Lisboa anda
quen che mos ha de traer.
(Casal; PPG, 2, 3560)

E non faltan a parodia, a burla ou a crítica:

De Portugal me mandaron
nun pratiño co seu mollo
a cabeza dunha pulga,
a cacheira dun piollo.
(Casal; PPG, 2, 3910)

Pepe, Repepe,
camisa c[agada],
foch'a Castilla,
non trougueche nada.
(PB, 3, BURL, 28)

Fúchete onte para Cais
hoxe ós pobres xa non falas,
pro falarálos [sic] mañán
e volveranch'as espaldas.
(PB, 3, ENSEÑANZA, 1)

A Castilla van os homes,
a Castilla por ganar...
Castilla queda na terra,
para quen quer traballar.
(López de la Vega; PPG, 1, 200)

Un lugar de paso no camiño:

Pontevedra é boa vila,
dá de beber a quen pasa;
ten a fonte na Ferrería
e san Bartolomé na plaza.
(Casal; PPG, 1, 714)

A aldea de Sabarís
paseina de madrugada;
a casa de miña sogra
caiu, xa non vale nada.
(Casal; PPG, 1218)

Eu pasei por Vilaboa
por Vilaboa cantando
as nenas de Vilaboa
quedan no río lavando.
(PB, 1, GEO, 18)

Pasei a Ponte do Burgo,
paseina de madrugada,
topei un anillo d'ouro
cunha cinta colorada.
(Casal; PPG, 1, 746)

Pasei por Padrón cantando
sin saber o que decía;
a costa do meu diñeiro
aprendín a cortesía.
(Casal; PPG, 1, 874)

Aldea de Palavea,
de noite pasei por ela;
alumbroume san Vicente
do seu altar cunha vela.
(PB, 3, GEO, 12)

Non faltan as que encerran un marcado simbolismo: a perda dunha prenda.

Ó subila i ó baixala
a costíña de Canedo,
Ó subila i ó baixala
perdín a cinta do pelo.
(Casal; PPG, 1, 888, nota)

ou unha prenda que viaxa no lugar dun namorado:

Eu tirei cunha naranxa
de Marín a Portonovo;
dentro daquela naranxa
vai o meu corazón todo.
(Casal; PPG, 1, 921)

Este camiño é, con frecuencia, punto de encontro:

Ramonciño, meu Ramón,
¿donde t'hei d'ir esperar?
Ó camiño de Brión.
(Tobío; PPG, 2, 1711, nota)

Pero neste decorrer hai tamén lugares perigosos que xeran situacións difíciles para as que, ás veces, se pide axuda á Virxe ou a algún santo:

Pasei o mar da Marola,
queridiña, por te ver;
pasei o mar da Marola
a pique de me perder.
(Casal; PPG, 1, 1101)

Santo Cristo de Fisterra,
santo da barba dourada,
Axúdam'a remontar
a laxe da Touriñana.
(Valladares; PPG, 1, 590)

Madre de Dios en Chanteiro,
déano-lo vento en popa
que somos os mugardeses,
levamos a vela rota.
(Saco; PPG, 2, 1866)

Ai! miña Virxe da Barca,
ai miña Virxe, valeime
qu'estou no medio do mar
sin ter barqueiro que reme.
(PB, 1, SANT., 9)

Chegar ata o final do camiño percíbese en ocasións como un desexo, un ideal, quizais inalcanzable:

Si o amor tuvera varandas,
fórache ver ao Brasil.
Quen non ten alas non vola.
Amor meu, ¿por donde hei de ir?
(Neira; PPG, 1, 112)

As olas do mar me levan,
con elas me deixo ir;
meu amor é brasileiro,
levaime par'o Brasil.
(Saco; PPG, 2, 2015)

Mariñeiros d'auga dulce,
levádeme á mar salada,
levádeme a Puerto Rico,
de Puerto Rico á Habana.
(Saco; PPG, 2, 2363)

Quen me dera estar agora
onde teño o pensamento,
no mesmo muelle d'Habana
falando con meu Rosendo.
(PB, 2, AUS, 12)

Hei de facer unha ponte
de Mugar dos a Ferrol,
para que por ela pase
o ben do meu corazón.
(PB, 3, GEO, 33)

A percepción da distancia física, como vemos, sostida tantas veces por topónimos, é tamén testemuña e medida da dor:

A chorar mollei un lenzo,
a chorar mollei un lenzo
desde o Cruceiro do Gayo
ó Campo de San Lorenzo.
(PB, 3, TRIST, 1)

A distancia entre dous lugares queda aquí reflectida nestas atinadas hipérbolas:

O cantar dos arreiros
é un cantar mui baixiño,
cántano en Ribadavia,
óiese no Carballiño.
(Fernández Alonso; PPG, 2, 2874)

O pandeiriño está roto
pola esquiniña d'arriba;
si o tocaran na montaña
resonara na mariña.
(Casal; PPG, 2, 3615)

E esa distancia no espazo convértese en distancia no tempo nesta cantiga, que afonda no sentimento de ausencia:

Canto hai d'aquí ó mar,
canto do mar a Marín,
canto hai d'aquí alá,
tanto hai que non te vin.
(Casal; PPG, 1, 895)

Entre un lugar e outro do camiño crúzanse mensaxes e encomendas:

A aquela señora Rosa
que vive alá no Chirleu
mándalle moitas memorias
o Catalán de Bueu.
(Casal; PPG, 1, 964)

Se pasares pola Lama,
pola beiriña do adro
Rézall'unha avemaría
a la Virgen do Rosario.
(Saco; PPG, 2, 1879)

Si é que vades por Trasmonte
á hora do sol poñer,
Dirédesll'ós meus amores
que non se deixen morrer.
(Tobío; PPG, 2, 1830)

Si fores a Santiago,
trasmeme un santiaguíño;
si non mo trouxeres grande,
traerásmo pequeniño.
(Vozes gallegas; PPG, 1, 132)

É tamén a ruta, ás veces longa, que leva ata o destino final a romeiros e peregrinos que, nos cancioneros galegos, adoitan ser Santiago e Santo André de Teixido:

Fun a S. Andrés de Lonxe
cunha cesta na cabeza,
fun por mar e vin por terra
o santo mo agradezca.
(Casal; PPG, 1, 787)

Fun ó santo San Andrés
aló no cabo do mundo;
sólo por te ver, meu santo,
tres días hai que non durmo.
(Saco; PPG, 2, 1859)

Fun a San Cibrán de lonxe
e vin polo de pretiño.
Fun descalzo a pan e agua;
vin calzado a pan e viño.
(Valladares; PPG, 1, 665)

Fun a San Andrés de Lonxe,
romería contra gusto;
merquei un carto de felgas
para durmir ó meu gusto.
(Casal; PPG, 2, 3247)

Pasei a Ponte do Porco,
paseill'a man polo lombo;
meu devino san Andrés,
o voso camiño é longo.
(Tobío; PPG, 2, 1695)

Santo san Breixo de Barro,
fun alá e hei de volver;
quedoume a miña toalla
no adro por estender.
(Casal; PPG, 1, 1186)

E, en fin, abundan no cancionero galego os feitos e circunstancias ao longo destes camiños que mereceron contarse e cantarse:

No camiño de Castilla
moito pican as areas,
picarán a meu irmau
qu'anda por terras alleas.
(Fernández Alonso; PPG, 2, 2904)

Indo para San Andrés
na Costa do Espelón,
deron ñunha [sic] puñalada
a Manoel do Trancón.
(PB, 1, GEO, 22)

Indo para Santiago,
no'entrei senón urtigas;
volvéndome para Arzúa,
¡ai que lindas raparigas!
(Saco; PPG, 2, 2473)

Indo para Santiago
na ponte de Sigüeiro
Chameill'a un vello meu sogro
¡e saleume verdadeiro!
(PB, 2, GRA, 31)

Indo para San Andrés,
alá no Porto do Cabo,
Dixéronm'as Caldapeiras:
«romeiras, tomai o caldo»
(Casal; PPG, 2, 3503)

Arredor do río arriba
sentín cantar e escoitei;
eran os mozos das segas,
que viñan de Monterrei.
(Casal; PPG, 2, 3208)

Ás veces o que se deixou atrás faise presente na viaxe, que mesmo corre o risco de interromperse:

Indo para Santiago
doux'a volta o capote;
acordoume miña sogra,
amais as papas do pote.
(Milà; PPG, 1, 1401)

A pasar pola Marola
púxenm'a aferrar o foque
e acordáronsem'as papas
qu'están fervendo no pote.
(PB, 2, GRA, 8)

Indo eu para Castilla
cheguei a Camporredondo;
acordeime alí das mozas,
¡xur'a Deus d'eiquí me volvo!
(Casal; PPG, 2, 3214)

Pero, outras veces, o esquecemento chega axiña:

Pola pena da Marola
¡adiós, miña queridiña!

polas islas de Sisarga...
¡como si nunca te viral!
(PB, 1, GEO, 30)

As de ton humorístico son as que máis abundan:

Indo para Santiago
doux'a morte no camiño;
deixei dito m'enterrasen
nunha bodega de viño.
(Casal; PPG, 1, 1023)

Indo para Santiago
doux'a morte nas Cacheiras;
deixei dito m'enterrasen
na cama das costureiras.
(Casal; PPG, 1, 1024)

Indo para Santiago
escurrín nunha cereixa:
escurripado se vexa
quen no camiño a deixa.
(PB, 3, PIC, 24)

Indo para Santiago
unha silva me picou;
picadura de tres días,
nove meses me durou.
(Casal; PPG, 1, 1051)

Veño de Vigo e vou para Cangas
tódalas mozas me miran as mangas.
(Sobreira; PPG, 1, 58)

Manga rachada foi a Castilla
e no camiño topou unha filla;
toda vestida de seda labrada
porque era filla de Manga rachada.
(Milà; PPG, 1, 1420)

O meu marido vai en Ribadeu,
deull'o vento en popa logo volveu
(PB, 2, ANIM., 33)

Ao final, despois de percorrer moitos lugares diferentes, é a experiencia o que queda, como nos di esta vella cantiga raiana:

Fui a Braga e fui a Orense,
tamén fui ó Limoeiro,
non achei millor amigo
ca bolsa do meu diñeiro.
(Fernández Alonso; PPG, 2, 2905)

3. A ABUNDANCIA DE TOPÓNIMOS NO CANCIONEIRO GALEGO

A presenza dos topónimos ao longo de todo o cancionero galego non deixa de chamar a nosa atención polo seu elevado número e variedade: unha de cada sete cantigas contén un ou máis topónimos.³ Algunhas das principais recolleitas do século XIX teñen, como xa dixemos, unha sección onde se agrupan as cantigas en que se mencionan un ou varios lugares e onde o lugar mesmo ou algúns dos seus habitantes teñen certa relevancia dentro do contido da peza (Casal Lois 2001 [1884], pp. 30-31). Pero tamén fóra desta sección que podemos chamar “especializada”, os topónimos seguen a ser moi abundantes ao longo de cada cancionero, aínda que en poucos casos sexan, como temos visto, o núcleo do contido, senón mais ben unha referencia significativa ou o escenario de accións e dos personaxes máis relevantes.

Calquera explicación desta alta proporción de cantigas con topónimos por forza terá que gardar unha estreita relación coa dispersión da poboación en todo o país, de tal maneira que aínda nunha contorna reducida (de onde case non se saía en toda a vida) había dúcias de asentamentos humanos, cada un co seu nome, que formaban o mundo coñecido dos galegos e polo que se desprazaban cando había unha ocasión.⁴ Galicia supón o 6% da superficie de España, mais nela rexístrase un terzo (38 500) de todos os topónimos das entidades de poboación do Estado, sen contar os microtopónimos (que se estiman en dous millóns e que non son infrecuentes nos nosos cancioneros).⁵ Este elevado número de lugares con nome propio que existen en Galicia (dos que nada menos que uns 3 700 son parroquias, de forte presenza nas cantigas), enche ata case saturar o espazo coñecido dun cantor e, por conseguinte, o seu mapa mental, cunha mesta rede de referencias sempre presentes. Ver ou reproducir mentalmente a realidade circundante supón ver (e coñecer) unha gran cantidade de nomes de lugar. Cando un cantador ou cantadora bota unha cantiga (que crea ou recorda nese momento) expresa en poucas palabras (xeralmente en catro versos octosílabos) un anaco da visión do mundo en que vive, do seu espazo vital, que é o escenario —e repetímolo aquí— onde se desenvolven as vivencias que se exteriorizan en

3 Na recolleita de Saco, o número de cantigas con un ou máis topónimos é do 14 % [1/7], na de Casal o 12 % [1/8] e na de Pérez Ballesteros case o 18 % [1/6]. Nas recolleitas menores a proporción é semellante.

4 Un excelente resumo da cuestión achámolo en Santamarina (2005, pp. 160-166).

5 Segundo o Proxecto Toponimia de Galicia [<https://toponimia.xunta.gal/gi/>] hai documentados a día de hoxe 557 373 topónimos correspondentes ao 35 % do territorio galego (consultado o 11/XII/2023).

cada cantiga. Resulta lóxico que, estando a súa realidade inzada de topónimos, estes teñan unha importante presenza no conxunto dos seus cantares. Xa que logo, resulta unha explicación plausible para comprendermos a abundancia de topónimos no noso cancionero.

Pero para obtermos unha explicación máis ampla, non só da cantidade senón tamén da variedade, cómpre achegarse (ou intentalo) á mente do cantador ou cantadora e preguntarse pola súa intención, polas súas motivacións, polos seus coñecementos e, así mesmo, polos contidos que agradan ou interesan ao público (sempre interactivo) que escoita; isto é, cómpre ter moi en conta a situación, a *performance* e o contexto en que se canta e escoita. Por que un cantador ou cantadora escolle un lugar para que figure nesa breve mensaxe que é a letra dunha cantiga? Que pode interesarlle dese lugar para mencionalo, mesmo se obxectivamente ten pouca importancia?

Aínda coas limitacións que se impoñen a un lector do século XXI (forzosamente afastado, na maioría dos casos, da súa existencia orixinal e da súa transmisión habitual, incluída a melodía que as acompañaba) e coas que impón a notable variedade temática da materia, unha ollada detida ós textos deste numeroso conxunto de cantigas do noso cancionero axuda a determinar (de maneira un tanto esquemática, xa que logo), á vista dos contidos máis significativos e máis repetidos, os motivos máis evidentes que explican a presenza dos topónimos nas cantigas galegas.

Sen entrar en clasificacións máis complexas (e completas) como a de Schubarth e Santamarina (1988), a grandes trazos, podemos falar aquí de tres liñas básicas que moven o interese dun cantador ou cantadora por un lugar concreto: o que hai nun lugar, como é o lugar e o que sucede ou sucedeu nel. Secundariamente hai que engadir a escolla dun topónimo como pretexto para burlas, xogos, orixe dun produto de prestixio ou mesmo simple mecanismo para a construción dunha estrofa, sen contar os erros de percepción ou de transcripción (*Avión* > *Airón*, por ex.).

3.1. O que hai nun lugar

Como xa dixemos, un topónimo non designa só un espazo físico, senón unha pluralidade de seres vivos e simbólicos, isto é, onde hai tanto persoas de diversas castes como animais, plantas, obxectos, lugares e imaxes sagradas, monumentos

ou paisaxes, eventos ou costumes que, nun momento ou noutro, son obxecto de interese.

Nunha xuntanza festiva onde se cantan cantigas (unha ruada, un fiadeiro ou unha romaría) adoita haber un público de participantes (que escoitan e tamén cantan), de diversos lugares, en xeral con maioría de xente nova. Dependendo de onde sexa o que bote unha peza, da súa intencionalidade e do seu ton nese intre e, doutra banda, da procedencia e estado de ánimo dos oíntes e do ambiente en xeral, o contido, a construción e a expresión da mensaxe da cantiga pode variar de maneira significativa. Nestas reunións (festeiras na maioría), o canto era parte importante da diversión dos participantes e a competencia entre cantadores e cantadoras e mais entre veciños dun ou doutro lugar era ás veces intensa, por máis que o ton empregado adoitaba ser máis de burla que de agresividade, moderada case sempre polo ambiente convivial e de festa. O cantador coñece ben o público que o escoita, sabe de onde é e que se lle pode dicir con cantigas, de maneira que se estableza unha relación de xogo, de burla, de galanteo, de fachenda, de competencia ou desafío, de achegamento, de desprezo etc., ou simplemente de contacto entre uns e outros.

3.1.1. A mocidade (as mozas)

Así, unha parte importante das mensaxes que se cantan teñen por obxecto (tamén por destinatario) o sector de oíntes máis próximo e máis atraente: as mulleres novas (nomeadas como ‘mozas’, ‘nenas’, ‘rapazas’, ‘rapaciñas’, ‘raparigas’, ‘meniñas’, ‘muchachas’ etc.) e, nalgúns contadas ocasións, tamén os homes mozos. A actitude do cantador ou cantadora vai desde a simple descrición ata o galanteo, pasando pola burla, a crítica, o xogo ou a gabanza, usando moitas veces o eficaz recurso da comparación.

Empezamos por amosar algúns exemplos de cantigas que presentan as mozas sen unha intencionalidade marcada, describíndoas con poucos trazos no seu marco local, entre eles o do comezo da primeira cantiga de que temos noticia, recollida polo padre Sarmiento:

Meniñas de Noia
cando van ao mato,
levan a merenda
ao santo san Marcos.
(Sarmiento; PPG, 1, 9)

e estoutra tamén moi antiga, recollida polo padre Sobreira antes de 1790:

Elas eran de Laíño,
elas de Laíño son,
collen o xunco na braña,
vano vender ó Padrón.
(Sobreira; PPG, 1, 43)

Deste ton son algunhas recollidas xa no século XIX:

Altiño, altiño, alto,
mozas de Soutomaior;
altiño, altiño, alto,
canto máis alto mellor.
(Casal; PPG, 1, 1046)

Eu pasei por Vilaboa
por Vilaboa cantando
as nenas de Vilaboa
quedan no río lavando.
(PB, 1, GEO, 18)

Como é lóxico, abundan as gabanzas ás nenas dun lugar:

Solamente ás de Sansenxo
se dirixe o meu cantar:
as Pepiñas, as Benitas
son airosas no andar.
(Casal; PPG, 1, 857)

As mociñas de San Fins
elas para todo son,
para cantar e bailar
e turrar polo ligón.
(Tobío; PPG, 2, 1460)

As meniñas de Boel
pon o pé na iauga crara,
non se lles quere avolver.
(Murguía; PPG, 1, 330)

Fuicheiriña, Fuicheiriña,
Fuicheiriña todo ten:
boa mazán, boa pera,
boas rapazas tamén.
(Casal; PPG, 1, 1247)

A pandeira toca ben,
as ferriñas danll'o son
as rapaciñas do Burgo
eu direi quen elas son:
“delgadiñas da cintura
alegres do corazón”.
(PB, 2, BAI, 1)

Para cantar e beilar,
nenas do val da Mariña;
para reza-lo rosario
vivan as de Raño arriba.
(PB, 2, CANT, 24)

A fórmula enumerativa, cando leva unha comparación implícita, serve para amosar e realzar o mellor de varios lugares, incluídas as mozas:

Sardiñas frescas do mar,
quen che me dera un milleiro,
pantrigo de Ribadavia,
nenas do chan d'Amoeiro.
(Casal; PPG, 1, 202)

Para boas mozas Sada,
para repolos Osedo,
para coles castellanas
o campo de Samoedo.
(PB, 1, GEO, 25)

Caldas par'o pan trigo
e para viño o Ribeiro,
para mozas aleutadas
a aldea de Piñeiro.
(Casal; PPG, 1, 1314)

Pero a fórmula máis frecuente neste tipo é a comparación de rapazas de varios lugares (gabando unhas e desmerecendo outras), que se ve complementada moitas veces coa fórmula de posesión (*Teño unha nena en..., / outra en ...*):

Teño unha nena no Porto,
outra no Ribeiro d'Avia;
se a do Porto é bonita,
a do Ribeiro lle gana.
(López de la Vega; PPG, 1, 204)

Teño unha nena no Porto
outra na chan da Mariña,
a do Porto me regala
por ser a máis bonitiña.
(PB, 1, PIC, 78)

Da rivalidade entre mozos e mozas, ou entre mozas de distintos lugares, sae unha xeira, numerosa, de cantigas denigrantes para as mozas dun lugar e, ás veces, tamén para o lugar mesmo, con e sen as fórmulas de comparación e enumeración:

Aldea da Suaiglesia,
aldea de moita lama:
críans'as meniñas nela
com'os salgueiros na agua.
(Casal; PPG, 1, 1237)

As muchachas de Carril
gastan moita fantasía:
pañuelos de catro duros
coa barriga vacía.
(Casal; PPG, 1, 1158)

As rapaciñas da Arzúa
eu direi quen elas son,
collen seu pai polas barbas,
«Anda por eiquí, castrón».
(Saco; PPG, 2, 2472)

As mociñas de Vilar
todas andan de mandil;
delas todas a millor
non val un maravedí.
(PB, 3, GEO, 16)

As rapaciñas da Graña,
as de Ferrol e as de Neda,
aunque non teñan diñeiro
¡bon zapato e boa media!
(PB, 3, GEO, 18)

Si pasades por Lamiño
levade o xerro na man;
as meniñas de Lamiño
nin xiquera auga non dan.
(Tobío; PPG, 2, 1827)

As mociñas de Mandayo
non saben tascar o liño;
e andan de porta en porta
“tásqueme este afusaliño”.
(PB, 2, BURL, 18)

Rapaciñas de Paderne,
irés amañando os ovos,
cando os canteiros se marchen
ha d'haber canteiros novos.
(PB, 2, GEO, 88)

Val máis unha d'Amoeiro
coa súa saia de picote,
ca unha ducia do Ribeiro
con cen ducados de dote.
(Saco; PPG, 2, 2585)

Quédate con Dios, Ourense,
coas túas ourensanas,
que me vou prá miña terra
das miniñas aldeanas.
(Saco; PPG, 2, 2598)

Ard'o facho, ard'o facho,
ard'o facho, vai a eito;
as meniñas de Lourido,
por casar andan en pleito.
(Casal; PPG, 1, 781)

As raparigas da Cruña
din que non comen touciño:
e comen un porco enteiro
desd'o rabo hastr'o fociño.
(PB, 3, COMIDA, 3)

O raposo ten mantela,
que lla deno as meniñas
da aldea de Chancela.
(Tobío; PPG, 2, 1832)

De Villamarín arriba
non vaias a namorar;
sonche criadas na serra,
non saben parrafear.
(Saco; PPG, 2, 2594)

Val máis unha da Mariña
vestida de lan e liño,
que non unha montañesa
vestida de pano fino.
(PB, 3, GEO, 68)

En Lamiño hai boas mozas,
en Cabreiros ganas delas,
en Castrigo cabezudas,
en Guitiande espadelas.
(Tobío; PPG, 2, 1828)

E, en fin, estas catro cantigas seguintes (dúas afirmacións e dúas respostas) deixan ver o que con moita probabilidade foi un anaco de disputa verbal e musical entre cantadoras de San Martiño e da Devesa respectivamente, e ilustran bastante ben o marco ambiental en que se producían moitas destas pezas:

Casi chove miudiño
por riba de Santa Marta;
as mozas de San Martiño
teñen a color da lagarta.
(Casal; PPG, 1, 1294)

Este ano hai moito viño,
ha de haber pouco bagullo;
as mozas de San Martiño
non teñen sinón bandullo.
(Casal; PPG, 1, 1295)

As meniñas da Devesa
son vellas, non van á misa;
quedan na corte do gando
roendo palla maíza.
(Casal; PPG, 1, 1259)

Este ano hai moito liño
e ha d'haber moita aresta;
as meniñas da Devesa
cheiran a mexo qu'apestan.
(Casal; PPG, 1, 1297)

Tamén son evidentes algunhas das que teñen un autor masculino:

Para a Barcala m'hei d'ir,
as nenas son cariñosas,
con elas hei de durmir.
(Tobío; PPG, 2, 1675)

Véñome par'a Coruña
á tomar novo querer,
porqu'as nenas de Ferrol
non saben corresponder.
(PB, 3, GEO, 70)

E, só nunhas poucas cantigas desta temática, o protagonismo cambia de xénero e son os mozos os personaxes principais:

Para guapos, na Ribeira:
hainos da media polaina,
amais da polaina enteira.
(Tobío; PPG, 2, 1689)

San Benito de Raviño,
capitán dos mariñeiros,
no lugar de Cortegada
viven os mozos solteiros.
(Saco; PPG, 2, 2621)

Esta aldea de Senra
rodeada de caxigos,
tamén está rodeada
de rapaciños bonitos.
(PB, 2, GEO, 27)

O que quixere bos mozos,
váíase á terra d'Oseira;
hainos de media polaina,
hainos de polaina enteira.
(Saco; PPG, 2, 2596)

Para cantar e beilar,
veleí, Xuan ten a sona;
botar pola goldra,
a xarda de Vilaboa.
(Casal; PPG, 1, 879)

E non falta a invitación directa a un mozo, como nesta simpática cantiga das mozas de Aranga:

Vente, mociño solteiro,
vente, mociño do Porto;
chámant'as de terra adentro
que van a cantar un pouco.
(PB, 2, CANT, 29)

Aínda que non sempre merecen loanzas:

A aldea da Capela
está no alto, dállo vento;
os galáns qu'a pasean
son unhas cabezas de vento.
(Casal; PPG, 2, 3211)

3.1.2. Monumentos, lugares naturais, plantas

Non só as persoas dun lugar son obxecto de interese. Ademais das pontes, ríos e santuarios, que veremos noutro lugar, velaí algunhas referencias ás fontes e tamén a unha árbore especialmente apreciada:

Augua do Pilar da Cruña,
augua do lindo beber;
quen amores ten ó lonxe
máis lle valera n'os ter.
(Murguía; PPG, 1, 326)

Caíu á fonte da Ferrería
¿Quen 'ha de volver poñer?
O alcalde Señor Blanco
que dela ten que beber.
(Casal; PPG, 1, 1138)

O carballo da Rumuíña
ten a folla revirada.
—¿Quen lla revirou? —O vento,
unha mañán de xiada.
(Valladares; PPG, 1, 548)

Adiós, fontíña de Prado,
e tamén a do Terrón;
¿onde me levache o saco,
amante do curazón?
(Saco; PPG, 2, 2612)

O carballo da Portela
ten tres carros de madeira;
un é meu, o outro teu,
outro busca quen o queira.
(Casal; PPG, 1, 728)

3.1.3. Actividades ou obxectos desexables, admirables ou evocadores

O canto, como xa sabemos, ten un grande atractivo, como tamén o son familiar da campá:

O cantar bergantiñán,
o cantar de Bergantiños
en Xallas é mañán.
(De la Iglesia; PPG, 1, 168)

Bótall'unha d'Amaía
bótall'unha maíaa,
bótall'unha da ribeira,
bótall'unha ribeiraa.
(Saco; PPG, 2, 2352)

Canta, Xoaniña, canta,
que nas Torres d'Altamira
oín a túa garganta.
(Tobío; PPG, 2, 1507)

Campanas de Bogallido,
cando vos oio tocar,
revíraseme o sentido.
(Rosalía de Castro; PPG, 1, 224)

Este é o son da Mariña,
este é o son mariñán;
este é o son da Mariña,
que o trouxo meu hirmán.
(PB, 2, CANT, 13)

Tocan o pandeiro en Vares
e as furriñas no Barqueiro,
e as nenas que o tocan
sonche do val de Viveiro.
(PB, 2, GEO, 56)

Un eco de crenzas ancestrais parece saír desta copla:

Oliveiriña de Vigo,
folla dela ten virtú;
veño de tan larga terra
por saber da túa salú.
(Casal; PPG, 2, 3550)

E nestoutra, de ton humorístico e feitura formularia, o atractivo primeiro convértese en desengano:

Eu caseime na Alleira,
porqu'había moitos allos;
agora váisem'o tempo
en collelos e sembralos.
(Valladares; PPG, 1, 528)

A boa comida de cada lugar é tamén un atractivo:

Para parrochas, en Redes,
para sardiñas, en Ares,
para pulpos, en Mugardos,
e na Graña calamares.
(PB, 2, GEO, 47)

O interesante deste lugar, descrito coa concreción dunha guía turística, é algo tan desexable coma un bo viño:

De Caldelas para acá,
mesmo ó lado do camiño,
está a taberna do Xusto,
donde venden o bo viño.
(Casal; PPG, 2, 3568)

3.1.4. Persoas destacadas ou vencelladas sentimentalmente ao cantador ou cantadora (un familiar, un amor)

Forman un conxunto nada escaso e, en xeral, de fermosa expresividade:

Santa María de Brión;
arredor de Santa María
pasea o meu corazón.
(Tobío; PPG, 2, 1834)

Mariquiña de Lamela,
¡xa non ques parrafear!
Rite de quen te marmura
e de quen te fai chorar.
(PB, 2, CONS., 5)

Do outro lado do río
ouvín cantar e chorei;
eran os meus amores
qu'iban para Monterrei.
(Saco; PPG, 2, 2334)

Santa Baia de Chacín:
Teresa de Santa Baia,
¿canto hai que che non vin?
(Saco; PPG, 2, 2494)

A lúa vai encuberta
cos panos de seda branca;
amores que ben me queren,
traballan en Salamanca.
(Saco; PPG, 2, 2333)

Son de Laxe, son de Laxe,
teño os amores en Corme,
o que ten amores lonxe
non sei como sono dorme.
(PB, 2, GRA, 65)

A aldea de San Simón
heina de matar a tiros:
unha meniña qu'hai nela
levoume moitos suspiros.
(Casal; PPG, 1, 995)

O mar enche par'arriba
e devala par'abaixo:
así fai quen ten amores
nesta vila de Rianxo.
(Casal; PPG, 1, 1156)

Hei d'ir ó serán a Frinxo,
anque me custe diñeiro,
solo por lle ver a cara
á filla do seraneiro.
(Saco; PPG, 2, 2027)

Pasei a Ponte Maceira
con unha vela encendida;
agora tomei amores
para tod'a miña vida.
(Tobío; PPG, 2, 1673)

Entre Portas e Valiñas,
e Valiñas, Valiñón,
entre Portas e Valiñas
eu teño o meu corazón.
(Casal; PPG, 1, 758)

Adiós muelle do Carril,
dentro quedam'unha rosa,
e non a podo ir a ver,
qu'a mar está peligrosa.
(Casal; PPG, 1, 1150)

Por Altamira andei
tras dunha custureiriña;
agora quedei sin ela
coma agulla sin liña.
(Tobío; PPG, 2, 1683)

Na nosa aldea de Lubre
téño ch'á quen quero ben,
a patrona santa Eulalia
e a madre de Dios tamén.
(PB, 3, SANT., 11)

Chama a atención a curiosa descrición polo miúdo desta cantiga:

Na aldea de Cutián
na primeira casa non,
alí máis abaixo un pouco,
téño ch'o meu corazón.
(PB, 3, GEO, 36)

E estoutra, xa comentada en relación ás fórmulas construtivas, está feita a partir doutra máis antiga e coñecida, e non oculta a imitación senón que aproveita para aclarar, por negación, o topónimo *Vigo* (en Galicia hai preto de 40 lugares con ese nome), que neste caso é unha parroquia no concello coruñés de Carral, onde foi recollido:

Dend'aquí ben vexo Vigo,
—no'é Vigo de Redondela—

donde teño a miña dama
que m'estou revendo nela!
(PB, 1, GEO, 12)

Entre os habitantes destacados dun lugar está o cura que, se ben na maioría dos casos é obxecto de burla ou censura, noutros recibe a gabanza dos seus fregueses, ás veces en disputa co cura doutros lugares:

O señor abade d'Entrimo,
cariña de primaveira,
cando entra par'a igrexa,
os mesmos santos s'alegran.
(Saco; PPG, 2, 2602)

O cura de Paradela
non ten capa nin capelo;
viva o noso de Baión,
que o ten de terciopelo.
(Casal; PPG, 1, 993)

O cura de San Román
non ten camisa lavada;
o señor cura de Cervo
¡vintecinco na colada!
(PB, 2, GEO, 41)

3.1.5. Habitantes obxecto de burla ou pretexto para a porfía entre dous lugares

Non adoitan faltar en ningún dos nosos cancioneros as burlas ou críticas ás diversas profesións, centradas moitas veces nun único individuo:

O gaitero do Vioño
malo costado cho mate,
que non quer tocar a gaita
si non lle dan chocolate.
(Casal; PPG, 1, 990)

O gaitero de San Xulián
fixo unha casa de m[erda] de can:
saleu para fora, mirou para ela:
¡probe de min, que non ten chaminea!
(PB, 1, MUIÑEIRAS, 12)

O xastre de Barcia
é moi agudo,
que toma a medida
por un garabullo.
(PB, 3, MUIÑEIRA, 28)

Señor xuez d'Avión
e mailo seu escribano,
tantos demonio-lo leven
como días ten o ano.
(Rodríguez Marín; PPG, 2, 2765)

O lugar de Viascón
é terra de poucos homes,
i aqueles poucos que hai
chámanlle remendafoles.
(Casal; PPG, 2, 3574)

Os zapateiros de Noya
valen pouco e van a menos
venden cento por un carto
como un plato de xurelos
(PB, 2, BURL, 47)

Pero na maioría dos casos son os cregos o obxecto das burlas:

No convento d'Acibeiro
había un frade galiñeiro,
qu'así que se puña o sol:
churras, churras, ó poleiro.
(Valladares; PPG, 1, 650)

O cura de Taragoña
ten unha ducia de amas:
tres Marías, tres Antonias,
tres Pepas, tres Xulianas.
(Casal; PPG, 1, 1224)

A muller que capa os homes
vive no campo de Noya,
vide homes, fuxí homes,
qu'aí vos ven a capadora.
(PB, 2, GRA, 6)

Na miña vida tal vin
nabizas con alcacén.
Comeunas o crego d'Ares;
que boa vida se ten.
(Casal; PPG, 1, 774)

O cura de Paradela
ten unha besta rabela;
tódolos qu'aquí non canten,
levan o camiño dela.
(Saco; PPG, 2, 2477)

3.1.6. Actividades de renome nun lugar, de carácter comercial e civil (feira), ou relixiosas e lúdicas (romaría, festa patronal)

3.1.6.1. Feiras

Eran un evento económico de primeira orde. Pero poucas veces se presentan no cancionero con trazos realistas como nesta:

Adiós, feira do Cotón,
adiós, carballo grande,
donde se vend'o xabrón.
(Tobío; PPG, 2, 1587)

senón burlescos, esaxerados ou fantásticos, de efecto cómico:

Adiós, feira do Cotón,
feira de perder o tempo,
donde se van pasear
catro cabezas de vento.
(Tobío; PPG, 2, 1591)

Si tu víra-lo que vin
na feira do Carballiño,
vintecinco xastres xuntos
bebend'un neto de viño.
(Sobreira; PPG, 1, 57)

Se ti viras o que eu vin
na feira de Monterroso:
vinte e cinco estudantes,
a cabalo dun raposo.
(López de la Vega; PPG, 1, 217)

Na miña vida tal vin,
na feira do Rapadoiro,
vintecinco xastres novos
a coser un varredoiro.
(Saco; PPG, 2, 2566)

Os nomes inventados para a ocasión (incluídos os topónimos) son un eficaz recurso de comicidade:

Fun á feira de Mal Vexas,
vin pola d'Arrastro Andes;
déitate e non te revolas,
érguete e non te levantes.
(Casal; PPG, 1, 1090)

o mesmo que a metáfora malintencionada desta despedida:

Adiós, miña meniña,
o embrijo xa cho vin;
un pouquiño máis abaixo
é a feira de Marín.
(Casal; PPG, 1, 1065)

Os feitos disparatados que se asocian ás feiras no cancionero teñen tamén outros escenarios, pois son só un pretexto para a comicidade que veremos máis adiante.

3.1.6.2. Romarías e festas patronais

Son as cantigas de carácter relixioso e lúdico (asociadas pola celebración festiva) as que ocupan máis espazo e atención nesta sección. Salta á vista que a devoción e o lugar manteñen unha estreita relación en todo o cancionero galego. As personaxes sagradas son obxecto de devoción do culto cristián (santos, virxes), as súas representacións materiais (imaxes) sitúanse case sempre nun lugar concreto

(aldea, capela, mosteiro etc.) e con frecuencia preséntanse tamén ligados aos seus habitantes, dos cales son moitas veces un verdadeiro símbolo, un valedor ou un líder espiritual, en todo caso, alguén de quen se senten orgullosos e que gaban e exhiben cando teñen ocasión. Así, a gabanza a un santo local convértese en gabanza ao lugar e aos seus habitantes:

Meniñas de Villalustre,
ben vos podés alabar,
que tedes santa Lucía
na entrada do lugar.
(Casal; PPG, 1, 1226)

E, pola contra, estes ás veces profiren burlas ou despregos ao santo doutro lugar, pero destinadas máis ben aos habitantes:

San Blas de Agüete
por salvar a un
matou a sete.
San Blas do Grove
por salvar a un
matou a nove.
(Casal; PPG, 2, 3743)

Moitos lugares son un espazo exclusivo dun santo ou, dito doutro xeito, hai topónimos que só se mencionan nas cantigas por seren a sede dunha imaxe obxecto de devoción, sexa santo, santa, virxe ou espazo dedicado ao seu culto:

Carballeira de San Xusto
moitos ardeos ten;
si non fora polo santo
alá non iba ninguén.
(Casal; PPG, 1, 1217)

Aldeíña da Xesta,
aldea de moito ben,
si non fora o santo Cristo
acá non viña ninguén.
(Casal; PPG, 1, 763)

O santo é sentido, sobre todo, como un valedor, alguén con poder dabondo para mellorar a vida dos devotos que se achegan a el, que buscan o remedio para as carencias de saúde, as situacións perigosas (viaxes, guerras), a ausencia prolongada de seres queridos e as situacións de desamparo en xeral. É frecuente a visión do santo ou virxe dun lugar como un representante sobranceiro,

prestixioso ou poderoso, como un membro —especial— da comunidade, achegado á xente común, e a familiaridade faise evidente en coplas como esta:

San Antonio de Cuíña,
san Pedro de Perzomillos,
santo Estebo de Vicente
todos tres eran viciños.
(PB, 3, GEO, 58)

e tamén na complicidade entre o santo (a Virxe neste caso) e o lugar:

Santa Minia milagrosa
sentada na súa silla,
mirando para Lamiño
que lle parece unha vila.
(Tobío; PPG, 2, 1835)

e, sobre todo, nas “conversas” que os devotos lles dirixen e que, en certas ocasións, amosan unha proximidade desenfadada ou mesmo irreverente:

Santo san Bras de Viana,
feito de pau d’amieiro,
irmán das miñas zamancas,
feitas no mes de xaneiro.
(Sarmiento; PPG, 1, 18)

Pero se a relación entre un lugar e un santo é estreita, non o é menos a que se establece entre a devoción ou culto que alí se lle dispensa e a diversión da xente que acode en datas sinaladas ás súas igrexas, capelas, santuarios e, sobre todo, ás romarías que se celebran no seu honor. Falamos dun tempo e dunha sociedade onde o traballo era continuo e a mobilidade pouca, e as ocasións de relacionarse e divertirse eran máis ben escasas; por iso, cando as había, xuntábanse xentes de toda idade, vindas de preto e de lonxe, nomeadamente a mocidade de aldeas e vilas, e aos rezos, peticións, promesas e ofrecementos propios da devoción seguíanlles outros, como bailes e cantos, que eran as principais formas de diversión, como testemuña esta cantiga:

Fun ó santo san Andrés,
fun coa miña empanada;
anqu' o santo é milagroso
é amigo da fuliada.
(PB, 3, SANT., 6)

O cancionero galego conservou unha ampla mostra dos sentimentos e feitos relacionados co culto festivo ao santo dun lugar. Así, as gabanzas do santo:

Aquelas nenas de Dodro
ben se poden alabar:
teñen ó señor san Campio
vestido de militar.
(Rosalía de Castro; PPG, 1, 225)

Rapazas de Vilanova
ben vos podeades gabar,
que non hai virxe no mundo
com'a Virxe do Cristal.
(Curros; PPG, 1, 1438)

San Payo de Vilacoba
ten os zapatiños brancos,
as neniñas de Loureda
vano a ver os días santos.
(PB, 2, GEO, 48)

S'é que vou a Pontevedra,
non é por ve-los soldados;
qu'é por ve-la Pelegrina
cos seus pendentos dourados.
(Valladares; PPG, 1, 356)

Moito viva, moito viva,
san Payo de Vilacoba
moito viva, moito viva
na súa capilla nova.
(PB, 1, SANT., 25)

Outro grupo destas cantigas sitúa no “mapa” dos oíntes, coa axuda da técnica enumerativa, os lugares cos seus santos e as datas da súa festa:

San Xoán na Carballeira,
san Amaro en Barouta,
san Bras na Ponte Maceira.
(Tobío; PPG, 2, 1724)

Santiago de Meangos,
san Lucas de Cullergondo,
san Salvador de Cerneda,
santa Eulalia de Abegondo.
(PB, 3, GEO, 60)

Fun pola Pelengrina
á vila de Pontevedra,
por san Roque fun a Vigo,
por Corpus a Redondela.
(Casal; PPG, 1, 1283)

San Amaro de Barouta,
veño dunha romaría
e mañán vou para outra.
(Tobío; PPG, 2, 1729)

Veño da Virxe da Barca,
veño d'abana-la pedra
tamén veño de vos ver
santo Cristo de Fisterra.
(PB, 1, SANT., 11)

Abondan as que expoñen as súas motivacións, variadas como as persoas que alí acoden:

Santa Xusta de Moraña,
de Moraña, morañeira,
fun alá que me casase,
dixo qu'andase solteira.
(Sarmiento; PPG, 1, 13 bis)

Santo san Breixo de Barro,
feito de pau de canela,
dádem'a vista dos ollos,
que non me vou d'aquí sin ela.
(Casal; PPG, 1, 1254)

Fun por san Benito a Leres
e non fun por devoción:
fun por bailar con aquela
que me levou o corazón.
(Casal; PPG, 1, 1208)

Eu hei d'ir a Santa Comba,
conmigo t'hei de levar
a ver s'a santa bendita
o xenio che fai cambiar.
(Casal; PPG, 1, 1328)

A Armenteira hei d'ir,
a Armenteira hei de volver,
pola Virxen das Cabezas,
que me ha de socorrer.
(Casal; PPG, 1, 1082)

Anque vou a Pontevedra
non me vou por pasear:
vou por ver á Peregrina
que está de pé no altar.
(Casal; PPG, 1, 716)

Teño d'ir a santa Minia,
teño d'ir á Escravitú,
téñolles de da-las gracias
que me deron a salú.
(PB, 1, SANT., 21)

Levei a miña muller
á Lanzada, ás nove olas;
levein'a desenfeitar
e botar os demos fóra.
(Casal; PPG, 2, 3271)

E tamén os motivos da ausencia:

Ó Santiño san Andrés
este ano aló non vou,

pola falta do diñeiro
¡canta xente se quedou!
(PB, 1, SANT., 8)

E as que sitúan ou describen o lugar do santo (tamén cun chisco de ironía):

Santo san Bartolomé
está no medio da ría;
a un lado ten Rianxo
e a outro Villagarcía.
(Casal; PPG, 1, 1227)

San Pedro de Campañó
ten a porta para o mare;
santo san Xuan de Poio
tena par'o vendavale.
(Casal; PPG, 1, 1192)

Monterrei está no alto
e Verín está no baixo,
nosa señora da Estrella
está no campión raso.
(Inzenga, 43)

Señora santa Lucía,
a do río do Piñeiro:
tende conta coa ermita,
que non a leve o regueiro.
(López de la Vega; PPG, 1, 263)

E as peticións ao santo, moitas veces cheas de humor:

Santo san Xusto da Fraga
casamenteiro das vellas,
¿por que non casais as mozas,
que mal vos fixeron elas?
(Sarmiento; PPG, 1, 13)

Santo san Breixo de Barro,
vós qu'estades nun outeiro,
buscádem'un rapaciño
que sea namoradeiro.
(Casal; PPG, 1, 1129)

Santo san Xoán d'Arruxo
déalle salú ó raposo
os gatos de Maldonado
rabuñáronll'o pescozo.
(PB, 1, SANT., 23)

3.2. Valoración

Referímonos neste apartado á estimación —positiva ou negativa— que fai o cantador ou cantadora tanto do seu aspecto físico coma do grupo humano que o habita. Nestas cantigas fanse constatacións, danse opinións e consellos sobre o sitio en xeral ou sobre certos habitantes. A fórmula da comparación con outras xentes e lugares tamén se emprega aquí con frecuencia e eficacia.

3.2.1. Visión favorable

Cando un topónimo se refire ao propio lugar do cantador ou cantadora (ou a outro lugar que lles mereza aprecio), abundan os casos en que a presentación deixa paso á identificación con el e tamén á exaltación (*Viva...*):

Son de Muros, muradana;
tamén sei colle-la herba
e mailo xunco na braña.
(Tobío; PPG, 2, 1718)

Chamácheme da Ulloa,
eu da Ulloa non son;
chámame monterrosiño,
que de Monterroso son.
(Casal; PPG, 1, 813)

Somos de Poíño, Poio,
meu divino san Xuan;
somos de Poíño, Poio,
daquela terriña chan.
(Casal; PPG, 1, 1213)

Viva Toubes, viva Toubes,
con tódolos arredores,
terra de moita castaña;
¡Vivan os apañadores!
(Saco; PPG, 2, 2592)

Viv'a xente da ribeira,
viv'a xente ribeirá;
viv'a xente da ribeira,
xente de moita verdá.
(Casal; PPG, 2, 3236)

Son de Noia, son de Noia,
señora doña Luísa,
son de Noia, son de Noia,
sonlle da frol de Galicia.
(Saco; PPG, 2, 2600)

Sómo-los lulos de Sada
non o podemos negar;
este ano n'hai parrocha,
cagou o demo na mar.
(PB, 1, OFI, 23)

Viva Toubes, viva Toubes,
e tamén Villarrubín.
Viva Toubes, viva Toubes,
terriña donde eu nacín.
(Saco; PPG, 2, 2591)

Esta aldea de Pravio
moito viva quen a honra:
vivan as nenas solteiras
coa súa cara redonda.
(PB, 1, GEO, 16)

A visión sociocéntrica faise evidente nestas tres seguintes:

Quen me dera na Ermida,
quen na Ermida me dera,
que s'estouvera na Ermida
estaba na miña terra.
(Casal; PPG, 1, 1203)

Para Lérez, para Lérez,
vida do meu corazón;
para Lérez, para Lérez,
para outro lado non.
(Casal; PPG, 1, 1204)

Casamento para min
é como mallar en ferro,
para fóra de Valiñas
teño dito que non quero.
(Casal; PPG, 1, 727)

Ás veces é máis unha defensa da persoa que do seu lugar:

Anque son d'alá d'arriba,
anque son da Carrasqueira,
tamén sei bebe-lo viño
como os guapos da Ribeira.
(López de la Vega; PPG, 1, 206)

En todo caso predominan as gabanzas ao lugar, ás súas xentes e aos seus santos, e tampouco faltan as despedidas, que adoitan ser emotivas:

O Ribeiro é alegre
polo tempo da vendima;
quen o vén faguer alegre
as nenas d'alá d'arriba.
(López de la Vega; PPG, 1, 205)

Pontevedra é boa vila,
vila de moitas señoras,
i a Virxen da Peregrina
é a mellor d'entre todas.
(Casal; PPG, 1, 1128)

O logariño d'Esqueiro
pequeniño e ben visoso;
o que nel tomar amores
pódese chamar dichoso.
(Rodríguez Marín; PPG, 2, 2772)

Aldeíña de Louredo,
pequeniña podrá ser;
quen non ten amores nela
deseaba de os ter.
(Casal; PPG, 2, 3150)

Repítese no cancionero galego a fórmula embelecedora “Unha aldea ou lugar pequeno de lonxe parece vila...” como esta:

O lugarciño de Puga
de lonxe parece vila;
ten un loureiro na entrada
e na saída unha oliva.
(Saco; PPG, 2, 2587)

fórmula á que tamén se engade un “se non fora...”, que lle presta un sentido irónico, como en:

Ise lugar de Cudeiro
de lonxe parece vila,
se non foran os outeiros
que ten ó lado d’arriba.
(Saco; PPG, 2, 2599)

E velaí unha síntese desta visión favorable:

Moitas terras teño andado,
ningunha me contentou,
sinón san Miguel de Melias,
qu’en todo me namorou.
(Casal; PPG, 2, 3216)

Nas abundantes cantigas de despedida, a emoción é o sentimento dominante, e o lugar que se vai perder de vista convértese en interlocutor ao que se interpela:

Adiós ti, Pontenafonso,
non sei quen te acabará...
Trinta anos me levache,
flor da miña mocedá!
Alalala, lala, lala alalala, lala, la...
(De la Iglesia; PPG, 1, 184)

Adiós, muelle do Ferrol,
a espalda che vou mirando,
a miña cara vai rindo,
o corazón vai chorando.
(Saco; PPG, 2, 2526)

Adiós, campía da Ulla:
as costas che vou virando.
A miña marcha hox’ é certa;
a volta sabe Dios cando.
(Valladares; PPG, 1, 683)

Adiós, costa da Riveira,
carballo de Beloirás;
adiós, meniñas da Ambroa,
que tan lonxe me quedás.
(PB, 3, DESPE, 4)

Adiós, terriña de Pravio,
cantos sospiros me levas:
si che foran graus de trigo
sementara moitas terras.
(PB, 2, DESPE, 10)

A Coruña ben me quere,
a calle Real me chama;
¡enas de Santa Lucía
dícenme que non me vaya!
(PB, 2, DESPE, 5)

Nestoutra queda ben clara a diferenza entre o lugar como espazo físico e como grupo humano:

Despedinme de Lalín
con ventanas e vidreiras;
no'me despido de vós,
as rapaciñas solteiras.
(Casal; PPG, 1, 812)

Adiós, Betanzos e Sada,
adiós, Lourido e Fontán,
adiós, meniñas de Ares,
logo teño d'ir alá.
(PB, 1, GEO, 2)

3.2.2. Visión desfavorable

A perspectiva cambia cando o cantador ou cantadora son de fóra do lugar ao que se refiren no canto ou non lle teñen moito aprecio. Cando xorde a comparación con outros lugares, estes, como era de esperar, adoitan levar a peor parte:

Na portela da Revolta
vale máis un amor lonxe
que vintecinco da porta.
(Tobío; PPG, 2, 1648)

En Santiago non hai rosas,
que secaron as roseiras;
vámonos a Pontevedra,
que son rosas verdadeiras.
(Casal; PPG, 1, 1312)

Vilaxuán é moi triste,
Villagarcía é alegre:
veña un ventiño do norte
e que para alá me leve.
(Casal; PPG, 1, 880)

E, en xeral, o que se di do lugar dá unha visión máis ben ruín, burlesca as máis das veces, ou lixeiramente crítica:

Ai do Allo, ai do Allo,
ai do Allo, ai da Cebola,
do Allo, ai do Allo,
nunca che eu do Allo fora.
(Cernadas; PPG, 1, 6)

A aldeíña de Fonsín
é ruín porque a fan:
si lle botan a semente
tamén dá o azafrán.
(Casal; PPG, 1, 994)

A calle da Fanequeira
é calle de poucos homes;
aqueles poucos que hai,
chámanlle remendafoles.
(Saco; PPG, 2, 2484)

A aldea de Mandayo
toda ela é costa arriba,
millor fato de canallas
non a vin na miña vida.
(PB, 3, GEO, 2)

Fábrica de Sargadelos
non a pasean chavales,
que a pasean os mozos
de cuchillos e puñales.
(PB, 2, GEO, 29)

E da valoración ruín pásase axiña ao consello disuasorio, nomeadamente no que toca ao casamento:

Anque me vestiran d'ouro
como a san Bartolomeu,
o qu' é n'aldea de Xesta
non me casaba eu.
(Casal; PPG, 1, 762)

Anque corra todo Xesta,
anque o corra a todo eito,
anque corra todo Xesta,
non topo cousa de xeito.
(Casal; PPG, 1, 764)

Na vila de Pontevedra
hei de prantar unha xesta
pra zorregarll'ás señoras
que levantan moito a testa.
(Casal; PPG, 2, 3575)

Na vila de Pontareas
dicen con moita cautela:
pon a capa no seguro,
non vaías quedar sin ela.
(Casal; PPG, 2, 3571)

A costa de Viadeiro
chámanlle "pásaa con día"
¡o que a pasa pola noite
necesita compañía!
(PB, 2, GEO, 5)

Polo mar vén un barquiño,
vamos ver qué xente leva:
leva xente de Cambados,
xente de mala ralea.
(Casal; PPG, 1, 1012)

Non te cases en Cariño
que é terra de moita area,
qu'ós tres días de casada
irás ó monte por leña.
(PB, 2, GEO, 39)

Meu irmanciño d'alma,
non te cases en Palmeira,
qu'as pulgas parecen homes
pola beira da ribeira.
(Casal; PPG, 1, 1235)

Máis che valera, meniña,
coller un sachó e sachar,
que non ir tomar amores
ó lugar de Belesar.
(Casal; PPG, 2, 3068)

Algunhas, cargadas de ironía:

Heime de casar en Loira,
que demorio pode ser:
anque non haia pansíño,
fanequiñas ha de haber.
(Casal; PPG, 1, 1356)

Eu hei d'ir casar a Castro
qu'é terra de moita leña,
que ben a vin eu quedar,
cando viña da Peneda.
(Saco; PPG, 2, 2611)

Nestas outras, a mensaxe directa a un interlocutor concreto, dálle máis forza á descualificación, que pode chegar ao insulto:

Xalleiros de Xallas,
vendés o trigo,
comés cagallas.
(Tobío; PPG, 2, 1769)

Montañeses da montaña,
¿que traedes a vender?
—Ovos de galiña choca,
para vos dar a comer.
(Saco; PPG, 2, 2182)

Portugués, non me ronques
nin gastes tanta parola,
que xa fun a Portugal
e Portugal non me namora.
(Casal; PPG, 1, 1177)

3.3. Acontecementos

O mesmo vai suceder, sobre todo cando lle ocorre ao cantador ou a alguén do seu ámbito. Falamos máis arriba das cousas que pasaban nos camiños de Santiago e Santo André e da pegada que deixaron no noso cancioneiro. Moitos son os feitos que se dan nun lugar, pero poucos son os que merecen ser recordados e reproducidos nunha cantiga, e estes adoitan ser sucesos graciosos, ou ben insólitos, de grande impacto colectivo, algo sobranceiro aos ollos do cantador. Pode ser unha experiencia persoal (un achado ou una perda, unha aprendizaxe) ou

algo que ocorreu a outros, mesmo unha morte, pero, en xeral, adoita ser algo divertido ou extraordinario.

Feitos tráxicos que se gardaron na memoria colectiva:

Pretiño da rúa Nova,
na rúa da Balconada,
mataron o arcebispo
por celos dunha madama.
(De la Iglesia; PPG, 1, 158)

A fragata Ensenada,
¿onde foi túa perdición?
No cabo de San Vicente,
cargadiña de carbón.
(Saco; PPG, 2, 2573)

Sucesos graciosos ou picarescos:

Aprendín a carpinteiro
na vila de Guimaráns.
Fago cangallas pra os porcos
e tarambollos pra os cans.
(Valladares; PPG, 1, 549)

O abade de Taboexa
e mailo de Rubiós
azoutaron ó Balouro
... sea por amor de Dios.
(Saco; PPG, 2, 2583)

Díxom'un frade d'Hermelo
un día desd'a ventana:
«Rapaza, sé miña amiga,
que non has de perder nada».
(Martínez; PPG, 2, 2810)

A pasar pola vila de Cangas
un billardeiro m'apalvou as mangas;
valga Xudas tanta villanía
como na vila de Cangas había.
(Casal; PPG, 1, 1344)

As xuntanzas e a diversión:

Tódolos deixo citados
para ir á foliada,
Berdillo, Sofán e Artes,
Santa María de Ardaña.
(PB, 3, GEO, 66)

O encanto da cidade:

Paseeina, paseeina
esa rúa do Villar,
paseeina, paseeina,
e volvina a pasear.
(Saco; PPG, 2, 2469)

O meu pai, a miña nai,
que me manden carabela;
qu'eu quédome paseando
na cidá de Pontevedra.
(Saco; PPG, 2, 2429)

As lembranzas dunha romaría, unhas que reflicten un sentimento íntimo e forte carga simbólica, como esta fermosa e repetida:

Carballeira de San Xusto,
carballeira derramada;
naquela carballeiriña
perdín a miña navalla.
(Tobío; PPG, 2, 1816)

e outras máis distendidas ou curiosas:

O pandeiro está furado,
decime quen o furou.
Foi a chuvia no Xurés,
que tod'a noite orballou.
(Saco; PPG, 2, 2609)

O Palmela i o Gaiato
foron cantar ó Xurés;
Palmela canta galego,
i o Gaiato portugués.
(Saco; PPG, 2, 2610)

E tamén a intención de volver:

Eu heime d'ir ó Xurés
con estas miñas amigas,
hemos de botar un neto
i hemos de comprar sardiñas.
(Saco; PPG, 2, 2460)

Carballeira de San Xusto,
naquela carballeiriña
hei de bailar ó meu gusto.
(Saco; PPG, 2, 2496)

Nalgunha destas lembranzas aínda segue vivo un certo rancor, como nesta maldición dirixida a un muíño convertido en interlocutor:

Mala arriada te leve,
muíño de Gondesán:
leve os zapatos novos,
trouxen as zocas na man.
(Casal; PPG, 2, 3287)

Ó Ribeiro fun por viño
e emborrachoum'unha nena;
non quero máis do Ribeiro
qu'inda me doi a cabeza.
(PB, 3, GEO, 44)

O casamento é sempre un acontecemento importante que adoita recordarse polo miúdo, e ás veces con ironía:

Por causa de ti, miniña,
funme casar a Marcón;
na sastrería do Pancho
fixéronm'o pantalón.
(Casal; PPG, 1, 985)

Heime d'ir casar á Ulla,
qu'è terra de moito pan;
o forno da miña sogra
bota silvas polo vran.
(Casal; PPG, 1, 938)

Eu caseime en Pontevedra
cunha nena da Moureira;
e todo o tempo se ll'iba
porque saliu priguiceira.
(PB, 2, CUALID, 19)

Estas dúas seguen outro esquema construtivo moi repetido no cancionero (“Caseime en... / ela non bonita, si pobre, non honrada”):

Eu caseime no Araño
coa filla dun arañón;
ela bonita non era,
pobre si, honrada non.
(Casal; PPG, 1, 997)

Adiós, miña miniña,
voume casar a Panxón;
a moza non é bonita,
pobre si, honrada non.
(Casal; PPG, 1, 1033)

Ligada ao casamento estaba a regueifa (molete de pan de ovo que se repartía entre os cantadores e asistentes) en moitos lugares da Galicia occidental. Estas dúas cantigas tráennos a valiosa testemuña de que, a finais do século XIX, aínda era costume cantala nalgunhas parroquias periféricas da mesma cidade da Coruña:

A regueifa está na mesa
e no medio ten un ovo;
para cantar a regueifa
veñan os de San Cristovo.
(PB, 1, GEO, 6)

A regueifa está na mesa
e non hai quen corte dela;
para cortar a regueifa
que viva Prego o da Grela.
(PB, 2, COMIDA, 3)

3.4. Un pretexto para a burla

Isto é, un lugar preséntase como escenario de feitos disparatados e personaxes ridículos ou fantásticos, coa intención non tanto de burlarse deles como de acadar unha comicidade imprevista. Xa vimos atrás como as feiras de non importa

onde son tomadas con certa frecuencia como escenario desta clase de feitos e personaxes. Aquí, outro escenario frecuente é a remota pena da Marola:

Cando chove e fai sol
anda o demo por Ferrol
con un saco de alfileres
para pica-las mulleres.
(López de la Vega; PPG, 1, 307)

Catorce botes do Seixo
pasaron a Porta Nova
en busca dun gato negro
que foi morrer á Marola.
(PB, 2, GRA, 20)

Eu teño un cansiño
que veu da Marola
e baila o fandango
cunha perna sola.
(PB, BURL, 21)

Na miña vida tal vin
na aldea de Sigrás:
unha cadela con pitos,
unha galiña con cas.
(PB, 2, BURL, 33)

Polo río de Padrón
vai un gato dando berros;
heille de sacar o rabo
para o bigote dos cregos.
(Casal; PPG, 1, 886)

Pola ponte de Monelos
vintecinco xastres van
cada un con unha fouce
para matar unha ran.
(PB, 1, OFI, 41)

Si ti viras o qu'eu vin
no monte da Capelada:
vintecinco costureiras
da cabalo dunha cabra.
(Casal; PPG, 2, 3215)

3.5. Un lugar como produtor de prestixio

Nun tempo en que as prendas de vestir e a súa materia prima eran un ben moi custoso e, por iso, apreciado, os lugares onde se producían (case sempre fóra de Galicia) eran lembrados e nomeados sempre que había ocasión de compralas ou levalas postas, nomeadamente nas festas e celebracións.

A pequena cidade aragonesa de Tarazona aparece desde antigo no cancionero galego como unha apreciada produtora de panos:

Mi madre visteu de lellas,
as lellas n'as podo ver;

de Tarazona ou Segovia
o meu mantelo ha de ser.
(PB, 3, TRA, 3)

Outros topónimos deste tipo éranlles tamén familiares á maioría da xente, como amosa o que parece ser unha xeira de cantigas botadas sucesivamente nunha xuntanza de mozas e mozos, onde o topónimo serve de termo de comparación coa declaración principal:

Dos panos que hai na tenda
moito me gusta o Mahón,
dos fillos que ten teu pai
tamén che me gusta Antón.
(PB, 2, COMIDA, 4)

Dos panos que hai na tenda
moito me gusta o Mancheste,
dos fillos que ten teu pai
tamén me gusta Silvestre.
(PB, 2, COMIDA, 5)

Dos panos que hai na tenda
che me gusta Tarazona,
das fillas que ten teu pai
tamén che me gusta Antona.
(PB, 2, COMIDA, 6)

En fin, non deixa de ser unha curiosidade a presenza do topónimo *Flandes* como prestixioso produtor de ouro e mais de queixo:

Os ollos da miña dama
non son pequenos nin grandes;
son como pedriñas d'ouro
daquelas que vén de Frandes.
(PB, 3, CUALID, 25)

Déanol'o aguinaldo
aunque sea pouco
un bo bacalao
e mais metá d'outro:
de postres, compota
e tamén castañas
boenas y bien grandes
un molete enteiro
e un queixo de Flandes.
(PB, 2, AGUIN, 1).

E nesa mesma liña parecen estar cantigas coma esta:

Tantas naranxas da China,
tantos limóns polo chan,

tantas meniñas solteiras
ten o noso capellán.
(Casal; PPG, 1, 746)

onde o topónimo vén sendo tamén un indicador tanto da variedade como da calidade desa froita (que hoxe chamamos mandarinas), fronte ás variedades máis agres.

3.6. Outros

Como estamos vendo, a inmensa maioría dos topónimos das nosas cantigas si-túanse no territorio de Galicia, desde os estritamente locais, como as prazas, rúas, barrios e monumentos dunha cidade onde se cantan os *Maios*, por exemplo en Santiago (Inzenga, 76-78; PB, 2, MAY, 194-198) ou Ourense (PPG, 2, 3692), ata os lugares non poboados, como as pontes, ríos, carballeiras, capelas etc., pasando, xa que logo, por todos os lugares que son o escenario principal da vida do público das cantigas. O seu mapa mental, non obstante, vese ampliado a partir da experiencia ou das noticias dalgúns individuos e a posterior propagación e, así, non faltan exemplos de topónimos foráneos, case todos de España e Portugal e mais da América ibérica, nomeadamente as cidades ou rexións de destino dos emigrantes galegos, como temos visto, que forman o conxunto minoritario máis numeroso.

O resto de topónimos ten unha presenza moito menor. Deixando como caso á parte os das cantigas de tema relixioso, de orixe escrita, como *Belén*, *Babilonia* ou *Roma* (PPG, 1, 1339; 2, 1825), presentes nalgunhas cantigas deste tema para contextualizar o seu contido, hai no cancionero unha xeira heteroxénea de nomes de lugar que non parecen ter outra razón para a súa presenza que un valor anecdótico ou instrumental, ben para que cadre a rima ou ben como un escenario descontextualizado de xogos (botar o burro) e outras actividades, que pode ser por imitación doutra cantiga allea, escoitada e memorizada, ou por encher un esquema métrico ou sintáctico:

Eu cantar, cantaba ben,
gracia non vos teño moita;
teño un borriquiño en Francia
pra botar a quen me escoita.
(Casal; PPG, 1, 822)

Unha vella moito vella,
vella coma Zaragoza,
Tratáronll'o casamento
e de vella tornou moza.
(Tobío; PPG, 2, 1753)

Sementei o “ben che quero”
no arenal de Sevilla,
Sementei o “ben che quero”,
naceume o “ben che quería”.
(Saco; PPG, 2, 2040)

Tampouco deixan de espertar curiosidade os topónimos inventados, nomes de ningures, como a aldea de *Fuicheiriña*, a feira de *Mal Vexas* e a de *Arrastro Andes*, ou a suposta romaría da inexistente *Santa Lilaila* (Valladares; PPG, 1, 663), que teñen a soa finalidade de producir un efecto cómico ou burlesco (como xa se comentou). Outras, no entanto, son achegas novas que incorporan a un topónimo coñecido unha nota descritiva da sensación ou da experiencia de chegar ata un lugar: *San Andrés de Lonxe*, *San Cibrán de Lonxe*, que o enriquecen, neste caso, coa nota de ‘distancia’.

En fin, non se me escapa que son moitos os textos e moitos os aspectos de interese relacionados con este tema que non puideron ter cabida nas dimensións deste traballo. Queden para outra mellor ocasión.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Blanco, Domingo (1998). A literatura no canto popular. En: Carlos Villanueva e Grupo Milladoiro, coords. *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. II. Música*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 141-156.
- Inzenga, José (1888). *Cantos y bailes populares de España*. Madrid: A. Romero.
- Pensado, José Luis, ed. (1974). *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia.
- PB = Pérez Ballesteros, José (1885-1886). *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña*. 3 vols. Madrid: Librería de Fernando Fe.

- PPG = Blanco, Domingo (1992). *A poesía popular en Galicia, 1745-1885*. 2 vols. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Santamarina, Antón (2005). Viaxe pola onomástica galega. *A Trabe de Ouro*. 62, 11-38.
- Schubart, Dorothé e Santamarina, Antón (1988). *Cancioneiro popular galego*. Vol. V, t. II. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.

Fontes dos cancioneros escolmados

- Barros Silvelo, Ramón (1875). *Antigüedades de Galicia*. Coruña: Imprenta de Domingo Puga.
- Casal Lois, José (2001 [1884]). *Colección de cantares gallegos*. Santiago / Pontevedra: Consello da Cultura Galega / Museo de Pontevedra. Edición, introdución, notas e glosario por Domingo Blanco.
- Cernadas y Castro, Diego Antonio (1778-1781). *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime*. 7 vols. Madrid: Joachin Ibarra.
- Curros Enríquez, Manuel (1880). *Aires d'a miña terra*. Ourense: Tip. de A. Otero.
- Fernández Alonso, Benito (1884). Cantigas do pobo. Entrimo (Orense). En: A. Machado y Alvarez, ed. *Biblioteca de las Tradiciones Populares españolas*. IV. Sevilla: Alejandro Guichot y Cía., 70-81.
- Helffferich, Adolf e Clermont, G. de (1857). *Aperçu de l'histoire des langues néo-latines en Espagne*. Madrid: Impr. Julián Peña.
- Iglesia, Antonio de la (1860). Puerta de la Platería de la Catedral de Santiago. *Galicia, Revista Universal de este reino*. I, 17-21.
- Iglesia, Antonio de la (1863). Estudios arqueológicos. Romería de San Campio. *Galicia, Revista Universal de este Reino*. III, 195-197.
- Iglesia, Antonio de la (1863). Estudios arqueológicos. Puente de Don Alonso y Monasterio de San Justo. *Galicia, Revista Universal de este Reino*. III, 216-221.
- López de la Vega, José (1863-1864). La poesía portuguesa y la poesía gallega. *Galicia, Revista Universal de este Reino*. III, 39-40, 43-45, 54-56, 68-72, 74-76, 95-98, 109-112, 142-144, 153-155, 179-181, 192-194 e 240-243; IV, 6-10, 74-76, 85-90, 104-109, 126-130 e 144-145.

- Machado y Álvarez, Antonio, ed. (1884). *Biblioteca de las Tradiciones Populares españolas*. Tomo IV. Sevilla: Alejandro Guichot y Cía.
- Machado y Álvarez, Antonio (1880). De la poesía popular gallega, por D. Manuel Milà y Fontanals. *La Ilustración Gallega y Asturiana*. II, 57, 69 e 157-158.
- Martínez González, Manuel (1883). *Poemas gallegos seguidos d'un Tratado sobr'o modo de falar é escribir con propiedade o dialeuto*. Pontevedra: Tip. J. M. Madrigal.
- Milà y Fontanals, Manuel (1877). De la poesía popular gallega. *Romania*. 6, 47-75.
- Murguía, Manuel (1865). *Historia de Galicia*. Vol. I. Lugo: Soto Freire.
- Neira de Mosquera, Antonio (1851). Tipos de Galicia. El cadista. *El Eco de Galicia*. 39, 34.
- Rosalía de Castro = Naya, Juan (1953). Rosalía, colaboradora de su esposo. En: *Inéditos de Rosalía*. Santiago: Publicaciones del Patronato Rosalía de Castro, 67-74.
- Rodríguez Marín, Francisco (1882-1883). *Cantos populares españoles*. Sevilla: Francisco Álvarez y Cía.
- Saco y Arce, Juan Antonio (1987 [1881]). *Literatura popular de Galicia*. Ourense: Diputación Provincial. Edición e estudio preliminar de Juan Luis Saco Cid.
- Sarmiento, Martín (1879). Carta al P. Mro. Martínez (31.5.1758). *La Ilustración Gallega y Asturiana*. I, 262.
- Sarmiento, Martín (1970). *Colección de voces y frases gallegas*. Salamanca: Universidad de Salamanca. Edición e estudo por José Luis Pensado.
- Sarmiento, Martín (2008-2022). *Obra de 660 pliegos: De historia natural y de todo género de erudición*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Edición: Henrique Monteagudo.
- Sobreira y Salgado, Frei Juan (1974 [1794]). Ensayo para la Historia general botánica de Galicia. En: José Luis Pensado, ed. *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia.
- Sobreira y Salgado, Frei Juan (1979). *Papeletas de un diccionario gallego*. Tomo I: texto. Orense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo". Edición e estudo crítico por José Luis Pensado.

- Tobío Campos, Lois (1985 [1880]). *Colección de cantigas da Mahía*. Sada: Edición do Castro. Limiar, transcripción e glosarios por Xaquín Lorenzo Fernández.
- Valladares Núñez, Marcial (1884). *Diccionario gallego - castellano*. Santiago: Establ. Tip. del Seminario Conciliar Central.
- Valladares Núñez, Marcial (1970). *Cantigueiro popular*. A Cruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.52>
- Vozes gallegas = Vasconcellos, José Leite de, ed. (1902). *Vozes gallegas*. *Revista Lusitana*. VII, 198-229.